

MARCAPÁXINAS POLA SOLIDARIEDADE



Save the Children



**X Edición
Día do libro
Solidario**

**Marcapáxinas
solidarios**

Proposta Didáctica



Esta guía didáctica está composta por un dossier e propostas de actividade para as distintas fases de ensinanza. Pretende ser unha ferramenta útil para o mestre que complemente o seu labor de sensibilización achegándolle datos, información e coñecemento doutras realidades para apoiar a educación en valores como a solidariedade, o respecto, a cooperación e a responsabilidade.

Dirección:
Marisol Paniagua

Colaboración:
M^a Luisa Ortega del Val

Arte e maquetación:
Germán Gullón

Edita:
Save the Children España

O QUE NOS ENSINARON 99 ANOS

SALVANDO VIDAS

Save the Children naceu en 1919 e, durante este tempo, amais de atender cativos e cativas en situación de vulnerabilidade e condicións de vida moi difíciles, centrámonos en sensibilizar a sociedade sobre a situación de desnutrición que sofren milleiros de cativos e cativas no mundo. O noso obxectivo é acadarmos mudanzas duradeiras e profundas na vida dos menores. Grazas ao noso éxito contando o que é a desnutrición e que poden facer as persoas para axudármonos a acabar con ela, fomos quen de acadar máis fondos, mais isto todo non é abondo.

Agora somos quen de chegar a máis cativos e cativas e convertémonos nunha organización de referencia nos dereitos da infancia. Participando en Marcapáxinas pola Solidariedade, contribúes en ambos sentidos a este labor, tanto coa axuda material por medio dos fondos recadados coma mediante a sensibilización por medio da busca de patrocinadores no contexto da escola.

Grazas por este apoio.

FAME EN ÁFRICA

Nacións Unidas declarou a fame nalgúñas rexións de Sudán do Sur e advirte que Somalia, Nixeria e Iemen están nunha situación crítica. **A fame en África recrúa cada día. A falta de choivas, coa consecuente seca, e os conflitos que devastan estes países** deixaron máis de 1,4 millóns de cativos ao bordo da fame. As causas desta crise alimentaria son moi variadas, mais as súas consecuencias seguen a ser as mesmas: **os cativos e as súas familias tentan sobrevivir namentres seguen en risco de sufrir desnutrición.** O mundo deulle as costas aos cativos famentos, mais aínda pode haber esperanza se actuamos axiña para salvarmos as súas vidas.



Cada ano morren case que **3 millóns de cativos por desnutrición.** Porén, aos que sobreviven non lles agarda unha vida feliz e de éxito, pois a desnutrición pode deixar danos irreversíbeis e evitar que desenvolvan todo o seu potencial.

Cada ano a desnutrición – cando un cativo está en perigo por non consumir as calorías ou nutrientes precisos – fai que morran **3 millóns de cativas en todo o mundo.** Isto representa case que o 50% de todas as mortes infantís.

- A desnutrición aguda grave (tamén chamada SAM) é a máis perigosa de todas, dado que deixa os cativos e cativas ó bordo da morte. En todo o mundo afecta a 19 millóns de menores de 5 anos e provoca 400.000 mortes de cativos cada ano.
- Case que 155 millóns de menores de 5 anos sofren atrasos no crecemento, o que representa 1 de cada 4 cativos dese grupo de idade.
- Os pequenos que sofren desnutrición aguda grave teñen 9 veces máis posibilidades de morrer cós nenos que reciben unha alimentación axeitada.
- O número de menores de 5 anos que sofre atraso no crecemento pasou do 32,7% no ano 2000 ao 22,9% en 2016. Pode parecer un descenso escaso, porén representa 43 millóns de menores. Estes avances acadáronse por medio da, entre outras cousas, concienciación e apoio da sociedade civil.
- No entanto, este descenso non é suficientemente rápido porque, se non facemos nada por evitalo, no ano 2030 aínda haberá 129 millóns de menores con atraso no crecemento.
- Acabar coa desnutrición infantil non só implica salvarlle a vida a nenos e nenas, tamén implicaría un aumento de ata o 12% do PIB de países en desenvolvemento, aumentando o tamaño, a forza e as capacidades dos traballadores: algo que beneficiaría a todos.



A desnutrición infantil non é só a falta de nutrientes, tamén existen micronutrientes cuxa carencia afecta o desenvolvemento infantil e provoca problemas graves na saúde dos menores.

«Fame oculta»

Segundo a OMS, as deficiencias en micronutrientes máis comúns e as consecuencias desta deficiencia, alén do atraso no crecemento, son:

Vitamina ACegueira nocturna (imposibilidade de ver con pouca luz).
FerroAnemia.
IodoBocio e cretinismo.

Máis de 254 millóns de cativos e cativas en idade escolar carecen de vitamina A segundo a propia Organización Mundial da Saúde.

Os primeiros 1000 días, que van dende o comezo do embarazo ata que o cativo ou cativa cumpre dous anos, son vitais para o desenvolvemento do cerebro e corpo. A falta de acceso aos nutrientes necesarios nese momento pode facer que os menores nunca cheguen a desenvolverse tanto mental como fisicamente e serán máis susceptíbeis a contraer doenzas.

Os nosos estudos amosan que a desnutrición afecta aos nenos mesmo cando parece que se recuperaron:

- Cústalles moito esforzo acadar resultados mínimos na escola, o que provoca un abandono escolar prematuro.
- As súas opcións profesionais redúcense no futuro, chegando a ter peores salarios de adultos.
- Dos 10 países con peores resultados académicos, nove están na rexión do Sahel, en África. Sudán do Sur, o país máis novo do mundo, é o peor deses países: 2 de cada 3 nenos non van ao colexio.

Moitas familias viven atrapadas nun círculo de pobreza. Nais desnutridas que son propensas a ter fillos desnutridos. Comunidades e países enteiros tamén sofren, posto que é moito máis difícil loitar para mellorar as condicións económicas dun país cando a poboación case non ten que comer.

En Save the Children traballamos nos lugares máis pobres, perigosos e afastados do mundo. Tratamos de maneira áxil os nenos desnutridos con tratamentos terapéuticos que salvan vidas. Tamén evitamos a desnutrición, protexendo así os cativos máis vulnerábeis e axudando as súas comunidades a saíren do círculo da pobreza.

¿COMO AFRONTAMOS A DESNUTRICIÓN INFANTIL

Os programas de desnutrición en Save the Children queren abordar tanto as causas inmediatas:

- Alimentación insuficiente.
- Falta de acceso a auga potábel.
- Sistemas de saúde febles.
- Nais desnutridas.

Coma as que provoca a desnutrición a longo prazo:

- Pobreza.
- Conflitos.
- Estados fráxiles.
- Falta de acceso á educación

A nosa resposta é global e non só busca dar un prato de comida hoxe. Por iso é que traballamos a detección prematura, para previrmos e apoiarmos as comunidades, para que elas mesmas poidan darlle resposta a situacións difíciles e recorrentes. **Traballamos en catro enfoques:**

1. Intervencións directas.

- Ofrecémoslles solucións inmediatas en saúde e nutrición directamente aos menores en risco e ás súas familias.
- Existen diferentes tipos de intervencións que poden salvar vidas fácil e economicamente, segundo o estado nutricional do menor.
- Intervencións con alimento terapéutico: tratamento para menores con desnutrición aguda grave.
- Enriquecemento de alimentos básicos: engadindo vitaminas e minerais como iodo e cinc.
- Fomento de hábitos de saúde: por medio de actividades como lavar as mans.

2. Protexer as familias da pobreza.

- Para moitas familias que están en situación de pobreza, os cativos sofren desnutrición porque non poden mercar alimentos. Os nosos informes amosan que hai unha proporción significativa de familias en países coma Etiopía e Quenia que non poden permitirse o luxo de alimentar as súas familias cos nutrientes precisos, mesmo aínda que gastasen todo o seu salario en mercar comida.
- Neste tipo de casos é fundamental darlles ás familias a asistencia financeira, apoio alimentario ou axuda para sobrevivir e romper o círculo da pobreza.

3. Creando unha rede de seguridade.

- Desenvolvemos programas de reparto de cartos en efectivo que actúa como unha rede de seguridade durante os momentos máis difíciles e protexe os cativos e as súas familias dos peores efectos da pobreza. Sabemos por experiencia que estes programas axudan a reducir a desnutrición global pois están dirixidos ás persoas con máis risco, nais embarazadas, lactantes e menores de dous anos. Asegurámonos de que reciben os nutrientes precisos durante o momento máis crítico para o seu desenvolvemento: os 1.000 primeiros días.

4. Mellorar o sistema de alimentación.

- Mellorar este sistema de alimentación non é só aumentar a produción. Debemos de mellorar as dietas dos cativos, algo que polo xeral comeza coa agricultura en pequena escala e as mulleres.
- Sabemos que 3 de cada 4 pequenos que sofren desnutrición en África viven en pequenas explotacións e que o 43% do traballo agrícola realízano as mulleres. Por iso enfocamos o noso apoio económico e de formación a estes grupos, para que sexan quen de producir alimentos máis nutritivos.



50 MILLÓNS

DE CATIVOS E CATIVAS MENORES

DE 5 ANOS

presentan un
beso baixo
para a estatura
que teñen.

SOFREN
DESNUTRICIÓN AGUDA




SUDAN DO SUR: O PAÍS MAIS NOVO E MAIS VULNERÁBEL

O territorio de Sudán, coma moitos outros lugares de África, é unha rexión con moitos recursos naturais mais con continuos conflitos armados durante séculos. O 6 de xuño de 2011 estalou un destes conflitos repetidos entre Sudán do Norte e Sudán do Sur antes de que este último proclamase a súa independencia após dun referendo no que o 98% da poboación decidiu a separación co norte. Porén, isto non solucionou os conflitos e os enfrontamentos seguiron, aínda que o 14 de xullo Sudán do Sur converteuse no país máis novo do mundo. Aínda existen moitos asuntos que resolver, como os recursos petrolíferos, pois estímase que un 80% do petróleo de Sudán procede do sur.

Estes primeiros anos de vida do país están marcados por conflitos armados tamén entre varios grupos étnicos por mor da falta de recursos económicos, o que ten unhas consecuencias devastadoras para a poboación. Unha poboación que se calcula en algo máis de 9 millóns, en 2015 calculábase unha poboación de 11 millóns, o que dá un resultado de **2 millóns de persoas que perderon a vida** por mor da guerra. Hai **4 millóns de persoas desprazadas e refuxiadas** en países veciños como Uganda, Quenia, Etiopía ou Sudán.

Sudán do Sur ten as proporcións máis altas do mundo de cativos fóra da escola, peor ca Siria. Máis de **800 escolas foron destruídas, máis de 600.000 cativos e cativas precisan de asistencia humanitaria para sobreviviren.**



A toda esta situación únese unha crise económica provocada polo conflito e a caída dos prezos do petróleo, principal exportación de Sudán do Sur, co que a inflación medrou considerablemente. Isto ten un impacto nos prezos e nos salarios, por exemplo, un garda de seguridade cobra máis ca un mestre, o que está a obrigar aos mestres a abandonar a escola en busca doutras fontes de ingresos para manter as súas familias.

A desnutrición tamén aumentou considerablemente: calcúlase que máis de 250.000 cativos e cativas sofre desnutrición, en 2016 declaráronse 19.000 casos de cólera no país e máis de 15.000 menores foron separados das súas familias co consecuente risco de sufriren violencia, matrimonios forzosos e recrutamento por parte das milicias.

A situación do país máis novo da terra é tamén a situación dun dos países máis vulnerábeis, ocupa o posto 181 de 188 países no Índice de Desenvolvemento Humano (IDH). No tocante aos cativos e cativas do país, podemos dicir que a infancia de Sudán do Sur está a ser moi difícil.

RESPOSTA DE SAVE THE CHILDREN EN SUDÁN DO SUR

O noso obxectivo é chegar a todos os cativos e cativas que viven nas situacións máis difíciles para acadar que as mudanzas nas súas vidas sexan duradeiras e lles permitan ter máis oportunidades de futuro.



Atención completa aos menores en situación de **emerxencia** ora por estar en zonas de conflito ora por viviren en zonas do país que recibiron gran cantidade de desprazados internos por mor destes conflitos. Esta atención fornécese por medio de: **alimentos, artigos non alimentarios, cartos en efectivo, cupóns de nutrición proteica.**



Activar a economía das familias máis vulnerábeis, por medio de **sementes, ferramentas, gando e activos pesqueiros** co fin de reducir os déficits alimentarios e nutricionais e aumentar os ingresos para contribuír á recuperación e resiliencia. Na medida do posíbel estas axudas acádanse nos mercados locais, pois deste xeito revívense os mesmos e contribúese a mellorar o país.



Educación, apoiando o sistema educativo do país por medio da **formación dos mestres e buscando unha mellor educación** que permita que Sudán do Sur supere as baixísimas taxas de alfabetización, menores ao 30% e que os cativos e cativas terminen polo menos o ciclo de educación primaria.



Save the Children tamén busca capacitar a mocidade desfavorecida con habilidades de emprego baseadas no mercado e oportunidades de autoemprego. Isto inclúe o fomento da **alfabetización financeira e boas prácticas de aforro para reforzar a empregabilidade.**



Saúde e nutrición. Save the Children buscar reducir nun 15% as mortes de menores de cinco anos por causas evitábeis como o xarampón, a malaria ou a diarrea e reducir tamén o atraso no crecemento dos pequenos. Coidando a nutrición da nai, o acabado de nacer e os menores de cinco anos con alimentos terapéuticos, suplementos de micronutrientes e fomento da alimentación do lactante e sempre ligando o coidado ás estruturas comunitarias para chegar ás poboacións máis necesitadas. Atendendo tamén á nutrición da nai para poder romper co ciclo nai desnutrida-nena desnutrida.

O traballo realizado en lugares tan vulnerábeis como Sudán do Sur ten que ter un enfoque global: saúde, nutrición, educación e protección; sempre contando co apoio das comunidades e dos gobernos locais para deste xeito obter resultados duradeiros e significativos que melloren a vida dos menores a curto prazo e nun futuro.

SEI O QUE SIGNIFICA QUE A GUERRA CHE ROUBE A TÚA INFANCIA

Artigo escrito por David del Campo, director de Cooperación e Axuda Humanitaria de Save the Children e publicado orixinalmente en elperiodico.com

419 puntos leva esta tempada Loul Deng, ala do equipo de baloncesto de Los Ángeles Lakers. Loul Deng naceu no que hoxe é Sudán do Sur. Hai tres anos contábanos en Save the Children a súa historia: «Sei o que significa que a guerra che roube a túa infancia. Cando tiña cinco anos estalou o conflito en Sudán, a miña familia e eu fomos dos afortunados que puideron fuxir a Exipto. Catro anos despois, conseguimos asilo no Reino Unido. O día no que Sudán do Sur acadou a independencia foi se callar un dos máis felices da miña vida. A nación máis nova de África – o meu fogar – rebordaba optimismo e esperanza. Eu estaba alí, en Freedom Square, na capital, Juba. Mais no terceiro aniversario do país, a realidade dun conflito cada vez máis arraigado converteu o optimismo e a esperanza en desesperación e medo. Após décadas de guerra, sabía que o camiño que tiñamos por diante non sería doado, mais nunca imaxinei que sería así».

Deng falaba así en 2014. Agora, en febreiro de 2017, declarouse a situación de fame en Sudán do Sur, no estado de Unity. Nos próximos meses, **4,9 millóns de persoas, case a metade da poboación do país, encontraranse sumidos nunha crise alimentaria**. A poboación que pasou de estar en situación de risco extremo medrou nun 36%. No tocante á infancia **máis do 40% dos cativos sofren desnutrición aguda**. Esta realidade provoca un tránsito rápido cara a morte. Calquera doenza leve, como unha diarrea ou o xarampón acompañado de desnutrición aguda convértese en mortal.



Sumémoslle a este contexto a realidade dun país en conflito permanente e cunha escalada brutal dos prezos. **Máis dun terzo do país é inaccesíbel para organizacións humanitarias como Save the Children** e os prezos dos alimentos básicos como o arroz, aceite ou fariña multiplicáronse por dez. Onte paguei nunha tenda de Madrid 1,70 euros por un quilo de arroz. Imaxinámonos pagar polo mesmo 17 euros? Isto é o que acontece en Sudán do Sur, un país con 658 euros de renda por persoa ao ano. En España temos unha renda por persoa ao ano de 23.290 euros. **En Sudán, cunha renda 35 veces inferior, os seus habitantes pagan 17 veces máis por un quilo de arroz**. Este relato acompáñase de dúas secas extremas que devastaron o seu feble sistema produtivo.

Declarar a fame nunha parte do país é un berro dentro dun proceso de agonía. O que denunciemos hoxe non é novo, agás unha nota da Oficina Nacional de Estatística do país que prové de oficialidade a cruel realidade de que **100.000 persoas están en altísimo risco de morte. Deles, a metade son menores.** Ocorre nun país con capacidade para producir 380.000 barrís de petróleo ao día, que representa o 90% dos ingresos do país.

Pódense salvar vidas, podemos salvar moitas. Save the Children e outras organizacións que traballamos sobre o terreo dende hai moito tempo seguirémolo tentando. Podemos seguir denunciando, tamén o faremos. No entanto, namentres non haxa paz e estabilidade en Sudán do Sur que permita que a riqueza que teñen baixo os seus pés sexa unha oportunidade e non unha ameaza mortal, nada mudará. Namentres as economías de moitos países sigan baseando parte da súa estabilidade e prosperidade na inestabilidade doutros, seguiremos no mesmo relato, gritos de agonía pola fame que salvarán algunhas vidas mais que non mudarán nada.



Convidámosvos a verdes este vídeo no que David del Campo explica o noso traballo e responde a preguntas que todos nos facemos sobre a cooperación internacional.



PROPOSTA DIDÁCTICA

A violencia que se exerce a diario contra millóns de cativos e cativas fainos pensar: «Son culpábeis de ser pobres?» A pobreza é o acto de violencia máis cruel do mundo, estamos nun mundo onde a desigualdade é asumida como forma de modernidade. No mundo actual, as ONG son o principal medio de atención á pobreza perante os estados ausentes e a corrupción e perante o retroceso dos valores de solidariedade e ben común.

A lectura é fundamental para previr, é precisa como ferramenta para ancorar a reflexión pola dignidade, a xenerosidade e o bo trato. Son moitas as razóns para celebrarmos o Día do Libro Solidario, son moitas as razóns para ler:

Para coñecer o mundo
Para coñecérmonos a nós mesmos
Para pasalo ben
Para soñar
Para emocionarnos
Para amar
Para pensar...

OBXECTIVOS

- Espertar ilusión, implicación e emoción por formar parte dun mundo máis xusto por medio dos libros e os contos.
- Favorecer experiencias de participación pola dignidade humana e a defensa dos dereitos humanos e específicos da infancia.

CONTIDOS

- O conto e o libro
- Dereitos Humanos e dereitos específicos da infancia
- Desenvolvemento humano e sostíbel
- Contexto situacional de Sudán do Sur adaptado ás idades

COMPETENCIAS

- Percepción e descubrimento
- escoita e comprensión
- Análise e reflexión
- Expresión oral, corporal e artística
- Creatividade
- Traballo en grupo e acordo
- Responsabilidade individual e colectiva



METODOLOXÍA

- Xincana literaria por idades reforzando o traballo de grupo, a escoita, a comprensión, a percepción e o descubrimento.
- Os libros e os contos como soporte de compañía, desenvolvemento humano, análise e reflexión construtiva-creativa para mellorar o mundo.
- A implicación solidaria individual e colectiva por medio da participación e expresión creativa (murais, marcapáxinas, debuxos, creación literaria, club de lectores...) a prol da dignidade e da defensa da infancia no mundo.

AVALIACIÓN

Logo de finalizar a proposta didáctica propoñémoslle ao profesorado e ao alumnado unha avaliación «no formal».

- O profesorado achégalle a Save the Children a súa opinión didáctica escrita sobre o resultado da actividade e a documentación que consideren oportuna.
- O alumnado, logo de finalizar as «Xincanas Literarias», reflexiona e expresa nunha ronda grupal o título ou verba (Educación Infantil) que destaca para explicar a experiencia.

Nenos, nenas e mocidade viven experiencias por medio dos contos e os libros, desenvolven habilidades, descubren, escoitan, comezan a sentir o que outros senten, poñen nome ás emocións e viven cuestións primordiais para a convivencia entre seres humanos. Os libros e contos achégannos unha educación dirixida a conectar coa realidade, cos valores a reforzar, coas emocións e motívanos a tratar de mellorar o mundo no que vivimos.



As organizacións de axuda humanitaria e cooperación precisan das persoas; precisan que as familias, os estados e a sociedade civil fagan achegas financeiras para podermos defender os Dereitos Humanos e darmos continuidade aos proxectos humanitarios de nutrición, educación e saúde nos países que teñen unha inxusta situación de pobreza e escaseza. Por iso, conmemorar a lectura e as xincanas literarias son unha significativa invitación educativa para o Día do Libro.

«OS CONTOS CREAN VÍNCULOS»




PROPOÑÉMOSTE

Realizar unha xincana de cinco probas na aula. A mestra presenta a luba, para que os nenos e nenas se poñan en situación. O grupo traballa a axuda, a escoita, a expresión, o intercambio e a participación.


A mestra presenta a luba.

«luba é un burro que vive en Sudán do Sur, un país de África. luba transporta moitas cousas nas súas costas: auga, alimentos e tamén contos para que as cativas e cativos do seu país poidan vivir sans...».

- **Proba 1.** luba precisa que lle busquemos amigos que o axuden a transportar a auga, os alimentos e os contos. Busca en revistas, recorta e pega nun mural os amigos de luba.
- **Proba 2.** A luba encántalle escoitar contos, ten orellas grandes e quere saber: que conto vos gustaría contarlle? Elixide un conto cada un e a mestra apúntao no mural.
- **Proba 3.** luba ten unhas alforxas para levar contos de todas as cores e tamaños. Elixo unha cor e rodea cun lazo moi bonito o conto que lle queres contar a luba.
- **Proba 4.** Cando luba e os seus amigos transportan auga, contos e alimentos dun lugar a outro, algúns días fai moito sol e outros chove. Nunha proba hai que pintar a choiva e os soles no mural da aula e nos marcapáxinas solidarios.
- **Proba 5.** Elixo cinco persoas próximas a ti ás que lles guste ler e intercambia con elas os teus marcapáxinas.



1



PREPARA

Revistas, papel continuo, tesoiras, cola, pinturas de cores e marcapáxinas solidarios de Save the Children.

TEN EN MENTE QUE

Segundo a idade dos cativos e cativas, a mestra organiza as probas nun día, dous ou cinco. A mestra busca momentos na aula e organiza o tempo para contar os contos escollidos polos pequenos e pequenas.

Pódense decorar tamén os marcapáxinas solidarios con lazos de tea.

«MALETAS DE LIBROS E VERBAS FERMOAS PARA IUBA»



PROPOÑÉMOSTE

Realizar na aula unha xincana de cinco probas. No inicio, a mestra conta a vida de Iuba para que os nenos e nenas descubran outra realidade diferente á súa. Os participantes achéganse a coñecer, escoitar, expresar, pensar, intercambiar e colaborar.

A mestra presenta e conta a historia sobre Iuba.

«Iuba é un burro que vive en Sudán do Sur, un país de África. É un burro coma calquera outro, a súa vida mudou cando se converteu en “biblioburro” e comezou a vivir aventuras transportando cousas necesarias. Desexaba ser útil para os seus, mais o ir e vir esixe moito esforzo, ten que transportar auga, alimentos, libros e contos para que as cativas e cativos do seu país poidan vivir sans...».

A mestra amosa fotografías de Sudán do Sur e realiza grupos de cinco participantes para comezar a xincana:

- **Proba 1.** Iuba está preocupado, síntese cansado, ten as costas molidas e as pernas febles. Nesta proba cada grupo anota sete consellos que lle poden dar folgos a Iuba para seguir coa actividade que tanto lle gusta. A mestra recolle os consellos e cólaos nunha cartolina.
- **Proba 2.** «Que ben», Iuba recuperou os folgos cos vosos consellos e quere levar maletas de bonitos libros e contos para cativos e cativas de Sudán do Sur. Nesta proba, cada participante ten que agardar un intre, pensar e recordar un libro ou conto bonito que lle encargaría a Iuba para que levase na maleta, deseguido escribenos nunha cartolina.
- **Proba 3.** A mestra coloca papel continuo e dálle a cada grupo un espazo para debuxar. O grupo unido ten que debuxar a Iuba levando os libros recomendados aos pequenos e pequenas de Sudán do Sur. Cada participante do grupo escolle nesta proba unha cor que lle recorde Sudán do Sur.
- **Proba 4.** O grupo ten que facer unha lista moi longa de persoas ao seu redor ás que lles gusta ler e cada participante escribe os nomes dos seus coñecidos no carné dos «lectores solidarios».
- **Proba 5.** Realízanse marcapáxinas para intercambiar coas persoas coñecidas ás que lles gusta ler. O grupo decora os marcapáxinas. Como? Escollen verbas fermosas dos contos e dos libros, escribenas en grande con cores e adornos vistosos e intercámbianas por contribucións financeiras.


PREPARA


Fotografías de Sudán do Sur, cartolinas, papel, bolígrafos, papel continuo, pinturas de cores, carné de «lectores solidarios» e «marcapáxinas solidarios» de Save the Children.

TEN EN MENTE QUE:

O tempo de presentación, o coñecemento de luba e a súa contorna e a realización das probas poden variar segundo a idade e as características do grupo.

As fotografías de Sudán do Sur poden quedar expostas na aula durante a xincana.



«ANÍMATE A SER UN LECTOR SOLIDARIO»**PROPOÑÉMOSTE**

Realizar unha xincana de cinco probas. No inicio da xincana a mestra informa sobre o significado da palabra «luba» e os participantes mergúllanse na realidade de Sudán do Sur. As probas presentadas permiten que os participantes coñezan, reflexionen, escoiten, impliquen e colaboren por un mundo máis xusto.

A mestra informa que...

«luba é a capital de Sudán do Sur, un país de África. Mais luba tamén é o nome dun burro que transporta moitas cousas nas súas costas, transporta auga, alimentos e contos ou libros dunha aldea a outra en Sudán do Sur...».

A mestra crea grupos de traballo de cinco participantes para realizar a xincana e amósalle aos grupos fotografías de Sudán do Sur.

- **Proba 1.** Cada grupo recibe dez frases e pactan entre todos os participantes se a frase fai referencia a «luba» capital de Sudán do Sur; ou se fai referencia a «luba» o burro portador de contos e libros de Sudán do Sur.
 1. O soño de luba é que os cativos e cativas poidan vivir sans.
 2. Moitas persoas fuxiron de luba para buscar refuxio.
 3. A guerra deixou moitas mortes e bágoas en luba.
 4. luba ten fame, precisa auga e alimentos.
 5. luba, un lugar arrasado pola violencia, corrupción, fame e violacións.
 6. Hai moito medo e terror en luba e no resto do país.
 7. luba percorre moitos quilómetros diarios para transportar auga e alimentos.
 8. En luba as temperaturas son altas durante todo o ano.
 9. Por luba pasa o río Nilo, mais a guerra destruíu o porto fluvial.
 10. luba transporta tamén libros e contos para que os cativos e cativas poidan abrir os seus horizontes.
- **Prueba 2.** «luba» chegou a unha gran decisión: quere facer lectores solidarios. Considera que ler é moi importante por moitas razóns. Para superar esta proba, cada participante do grupo ten que pensar nunha razón pola que é importante ler, anótanas e danllas á profesora para reflectilas nun mural co título «Razóns para ler».

- **Proba 3.** Para facer lectores solidarios... hai que saber que é «a amizade, a xenerosidade e a confianza». Cada participante do grupo ten que achegar un ingrediente para «un bo libro de receitas da amizade, a xenerosidade e a confianza». A mestra realiza un libro con tres, e cada participante do grupo terá que buscar un ingrediente e poñerlle a cantidade que estime (un trisco, 3 culleradas, medio litro...), ex.: para a amizade un litro de risas +... para a xenerosidade un trisco de escoita +... para a confianza unha cunca de apertas +...
- **Proba 4.** Cada grupo ten que poñer en marcha «O club dos lectores solidarios». Buscan persoas da súa contorna que queiran ser lectores solidarios, mais para seren lectores solidarios cómpre responder a tres cuestións:
 1. Unha razón pola que é importante ler.
 2. Un ingrediente para as receitas de amizade, xenerosidade e confianza.
 3. Recomendar un libro do que gustases.

Cada participante anota as respostas nun papel e engade o nome do lector no carné de «lectores solidarios».

- **Proba 5.** Consiste en decorar os «marcapáxinas solidarios» de cada lector solidario cos «ingredientes» que estimaron importantes e intercambialos por contribucións financeiras que apoién os programas de Save the Children en defensa dos dereitos da infancia.


PREPARA

Fotografías de Sudán do Sur, as dez frases por grupo, bolígrafos, cartolinas, rotuladores, un libro de receitas para completar, papel, carnés de «lectores solidarios» e «marcapáxinas solidarios» de Save the Children.

TEN EN MENTE QUE

O tempo para realizar as probas pode variar segundo a idade e as características do grupo.

Durante a realización da xincana é interesante deixar na aula a exposición das fotografías de Sudán do Sur.



«LER FAINOS LIBRES»



PROPOÑÉMOSTE

Realizar unha xincana de probas. No inicio do traballo en grupo a mestra partilla unha lectura para informar sobre a realidade de Sudán do Sur e os campos de refuxiados. As probas tentan achegar o alumnado á escoita activa, a reflexión, a toma de contacto con realidades desesperadas, a literatura e a implicación e colaboración por un mundo que forneza maior xustiza e dignidade.

A mestra le ou repártelle aos grupos a seguinte información:

«Dous millóns e medio de sursudaneses tomaron a decisión de fuxir das súas casas e vilas. Moitas mulleres explican - levei o bebé máis pequeno nun cesto sobre a cabeza, envolvín o meu outro fillo nas costas e fuxín para salvar a vida. A guerra, a violencia, o conflito, as violacións, a penuria, os secuestros, a fame, a morte, a inseguridade, a corrupción, o desexo de poder... Son todas elas causas para fuxir onde sexa, en ocasións as persoas están apiñadas en campos de desprazados e saen do seu país a campos de refuxiados de países veciños coma Uganda, Etiopía, Sudán, Quenia, República Democrática do Congo e República Centroafricana. Os desprazamentos en Sudán do Sur convertéronse na “meirande crise de refuxiados de África”. As ONG alertan sobre as violacións de Dereitos Humanos en Sudán do Sur, esta crise humanitaria precisa atención por parte de todos, cómpre superar a falta de financiamento, xa que lle afecta ao subministro de auga potábel, de alimentos, de servizos sanitarios, saneamento e educación».

«luba é a capital de Sudán do Sur, mais tamén é un personaxe animal, un burro que nos acompañou nas diferentes xincanas do día do libro. luba vive neste país de África Oriental e transporta moitas cousas sobre as súas costas, transporta auga, alimentos e tamén libros e contos... Ten pensado ir aos campos de refuxiados de poboación sursudanesa...».

A mestra crea grupos de traballo de cinco participantes e dálles aos grupos fotografías de Sudán do Sur.

Proba 1. Cada grupo reflexiona e escribe nunha pequena cartolina de cores: o labor que os libros e os contos poden ter nun campo de refuxiados de pequenos e pequenas sursudaneses.

Proba 2. Cada grupo medita con calma tres características sobre a pregunta: como consideras que se vive nun campo de refuxiados? E reflícteo noutra cartolina pequena.

Proba 3. O grupo visita unha biblioteca, do colexio, a municipal, a provincial... e organízanse para escoller dous libros de lectura, anotan o título ou o autor nunha cartolina pequena de cor e explican a causa da súa elección:

Un libro ou conto para que «luba» o leve nas súas alforxas e o comparta con nenos e nenas do campo de refuxiados.

Outro libro para que o lean os gobernantes de Sudán do Sur e do mundo.

Proba 4. O grupo escolle 5 palabras que poidan pór fin á violencia, á falta de dereitos e á dignidade das persoas. Con elas, cada participante decora os cinco marcapáxinas solidarios.

Proba 5. Cada participante do grupo busca cinco persoas lectoras, anótaas no carné como «lectores solidarios», troca con eles os «marcapáxinas solidarios» e véndeos por contribucións financeiras que apoien a acción humanitaria de Save the Children en Sudán do Sur.

Proba 6. Todos os grupos de clase realizan un mural coas respostas das probas realizadas que levará por título «Ler fainos libres».



PREPARA

Fotografías de Sudán do Sur, cartolinas de cores para repartir por grupos (cada grupo escolle unha cor e fai as probas), bolígrafos, rotuladores, papel continuo para mural, cola, o carné de «lectores solidarios» e «marcapáxinas solidarios» de Save the Children.

TEN EN MENTE QUE

O tempo para realizar as probas pode variar segundo a idade e as características do grupo.

Durante a realización da xincana, é interesante deixar na aula a exposición das fotografías de Sudán do Sur.

A mestra tamén pode repartir entre os diferentes grupos a lectura de información de comezo.





«PARTILLAMOS LECTURA CONXUNTA»

PROPOÑÉMOSTE

Realizar un día conxunto onde a lectura sexa partillada por toda a comunidade educativa (alumnos, mestras e familias) e construír un momento común para partillar a curiosidade lectora.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

- Comezamos a actividade contextualizando a presentación coa escritura do Premio Nobel da Paz, Nelson Mandela:

«É o meu desexo que a voz do narrador de contos nunca morra en África, que todos os cativos poidan marabillarse cos libros e que nunca perdan a capacidade de ampliar os seus horizontes do mundo coa maxia dos relatos».

- Na selección de textos cómpre ter en conta o obxectivo de «lectores solidarios»: traballar por un mundo máis xusto onde a dignidade dos Dereitos Humanos e os dereitos da infancia sexan unha realidade no mundo.
- Cada clase ha realizar un traballo de aula para seleccionar un relato curto que partillará co resto das aulas.
- O relato curto non debe superar as 100 palabras e ao final da lectura dirase o autor e o libro.

PREPARA

Unha aula consonte co número de persoas, unha exposición coas fotografías e os traballos realizados nas xincanas sobre Sudán do Sur.

TEN EN MENTE QUE

Cada mestra establece un proceso de traballo e consenso para elixir o relato curto e define a representación do texto elixido.

No caso de que haxa moitas persoas, a actividade tamén pode ser realizada por ciclos ou cursos.

Pódense realizar neste día exposicións con fotografías de Sudán do Sur e os traballos realizados nas xincanas literarias.





**A C/C na que podedes ingresar
o recadado na actividade é:**

Banco Santander

ES24 0049 1837 58 2910248925



Recorda indicar no concepto o nome do centro, deste xeito poderémosche enviar un diploma para que poidas informar a toda a comunidade educativa.

Se tes algunha dúbida sobre o ingreso ou calquera outro tema ponte en contacto con nós no **91 513 05 00**.

Moitas grazas pola vosa participación.

Marcapáxinas pola Solidariedade é unha proposta educativa que lles achega aos escolares a situación de vulnerabilidade dos cativos e cativas en países empobrecidos do continente africano co obxectivo de acadar fondos para os proxectos de supervivencia infantil que Save the Children realiza e coñecer os dereitos da infancia a través das propostas didácticas presentadas nesta guía.

Colaboran:



**Sobrevivir.
Aprender.
Estar protexidos.**



Save the Children